



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Dacordo co disposto no art. 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais ó que se remite o art. 177 do mesmo, e no art. 20.3 en relación co art. 38.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, faise público para xeral coñecemento, que esta Corporación Municipal en sesión plenaria celebrada o día 13 de novembro de 2019, adoptou o acordo de aprobación definitiva ó non presentarensen reclamacións contra o expediente de modificación de créditos 12/2019, suplemento de crédito/Crédito extraordinario con aplicación de superávit orzamentario e modificación do anexo de inversións por un importe total de 401.979,91 euros. Expediente núm.: 1137/2019.

Coas modificacións acordadas, o resumen por Capítulos do Orzamento de Gastos do 2019, queda fixado segundo se detalla.

Capítulos ORZAMENTO 2019	Consignación antes deste expediente euros.	Aumento SC/CE 112/2019 en euros.	Consignación despois deste expediente euros
1.-Gtos. Personal	1.088.958,27	0,00	1.088.958,27
2.-Gtos. Bens	1.360.463,73	28.200,00	1.388.663,73
4.-Transf. Ctes.	39.200,00	0,00	39.200,00
6.-Inversións reais	647.331,55	73.779,91	721.111,46
7.- Transferencias de capital	0,00	300.000,00	300.000,00
Totais	3.135.953,55	401.979,91	3.537.933,46

Becerreá, 17 de decembro de 2019.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3839

O PÁRAMO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional deste Concello sobre a modificación de Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre bens inmoables, cuxo texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Art. 5.- Bonificacións.

“Gozarán dunha bonificación do 90 % da cota íntegra do imposto, aqueles inmoables nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan actividades económicas (actividades agrícolas ou gandeiras) que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración, así como as construcións

destinadas unicamente a actividades agrarias ou gandeiras. Corresponderá dita declaración á Xunta de Goberno Local en canto que competencia delegada do Pleno”.

A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.

Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

-Certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.

-Acreditación da titularidade catastral do inmovible.

-Certificacións acreditativas de que o suxeito pasivo non ten débedas coa facenda estatal, coa facenda autonómica nin coa Seguridade Social.

-Xustificación do recoñecemento da explotación, ou licenza/comunicación de actividade correspondente.

Previamente á súa aprobación, o concello realizará de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto da bonificación solicitada.

Os obrigados tributarios deberán comunicar ao Concello, calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación de este beneficio fiscal. Polo Concello, poderá declararse, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de dez días (contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da apertura de dito prazo) se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a administración coñeza por calquera outro xeito, a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

Disposición final.-

A modificación da ordenanza fiscal no referente a estas bonificacións , aprobada polo Pleno do Concello na sesión celebrada o 27 de Setembro de 2019, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia , continuando en vigor e de aplicación o restante articulado da ordenanza, ata a súa modificación ou derogación expresa.

No que non estea expresamente previsto na modificación da presente ordenanza, rexerán os preceptos contidos na redacción anterior da mesma, así como os preceptos contidos na lexislación reguladora das facendas locais (Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo) e nas demais leis do estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.”

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio en o *Boletín Oficial da Provincia*, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede en A Coruña.

O Páramo, 18 de decembro de 2019.- O Alcalde, José Luis López López.

R. 3840

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data **03/12/2019** , o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **NOVIEMBRE** de 2019, polo importe total de **2.899,60€**

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 9 de novembro de 2019.- O Alcalde, Jose Luis López López.

R. 3841

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO 2.020

Aprobado inicialmente na sesión extraordinaria do Pleno deste Concello celebrada o 13 de decembro de 2,019 o orzamento xeral para o exercicio 2.020, bases de execución e plantilla con arranxo ó disposto no artigo 169 do

Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 e no artigo 20 do Real Decreto 500/90, exponse ó público na Secretaria do Concello polo prazo de 15 días hábiles co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamación que se consideren pertinentes.

De conformidade co acordo adoptado, o orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Pedrafita do Cebreiro, 18 de decembro de 2019.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 3842

RÁBADE

Anuncio

Por resolución da Alcaldía-presidencia do Concello de Rábade de data **11 de decembro de 2019** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de novembro de 2019**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 11 de decembro de 2019.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 3843

SARRIA

Anuncio

APROBACIÓN PROVISIONAL

O Pleno do Concello de Sarria na sesión celebrada o 28 de novembro de 2019 acordou aprobar inicialmente o Regulamento Orgánico do Pleno.

Conforme o previsto nos artigos 49 e 70.2 da Lei reguladora das Bases de Réxime Local sometese o expediente 1867/2019 a información Pública e audiencia polo prazo mínimo de 30 días hábiles.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://sarria.sedelectronica.es>].

Se transcorrido devandito prazo non se presentan reclamacións, considerarase aprobado definitivamente devandito acordo.

Sarria, 29 de novembro de 2019.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 3844

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 1 LUGO

Anuncio

D/D^a RAFAEL GONZALEZ ALIO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 1 de LUGO, HAGO SABER:

Que en el PROCEDIMIENTO ORDINARIO 430 /2017 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de D/D^a YOUSRA LAABID SIFAOUÍ contra la empresa FOGASA, LUCIA TESTA VILLAVERDE , sobre ORDINARIO, se ha dictado la siguiente resolución, cuya parte dispositiva se adjunta:

“PARTE DISPOSITIVA

Acuerdo:

- **Tener por desistido** a YOUSRA LAABID SIFAOUÍ de su demanda frente a FOGASA, LUCIA TESTA VILLAVERDE.
- **Archivar** las actuaciones una vez que sea firme la presente resolución.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Contra la presente resolución cabe recurso directo de revisión que deberá interponerse ante quien dicta la resolución en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a la notificación de la misma con expresión de la infracción cometida en la misma a juicio del recurrente, art. 188 LJS. “

Y para que sirva de notificación en legal forma a LUCIA TESTA VILLAVERDE, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, diez de diciembre de dos mil diecinueve.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 3845

XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

Anuncio

Dª MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Letrada da Administración de Xustiza do Xulgado do Social nº 003 de LUGO, FAGO SABER:

Que no procedemento 32/18 deste Xulgado do Social, seguidos a instancia de EVA LAGOA RODRIGUEZ contra a empresa LIMPIEZAS PEÑA MONFORTE S.L., sobre cantidade, ditouse sentenza en data 3 de decembro, cuxa parte dispositiva se adxunta:” **DECISIÓN.-**

1. Acollo a demanda formulada por Eva Lagoa Rodríguez contra LIMPIEZAS PEÑA MONFORTE, SL polo que condeno a LIMPIEZAS PEÑA MONFORTE, SL ao pagamento a Eva Lagoa Rodríguez da cantidade de 821,43 euros netos, sobre os que se devengarán os xuros do 10 por cento.-2. As devanditas cantidades serán aboadas polo FOGASA de conformidade cos requisitos legais e regulamentarios que, no seu caso, procedan.-3. As custas do procedemento (que incluírán os honorarios do/a letrado/a-graduado/a social da parte actora ata o máximo de 600 euros) serán aboadas por LIMPIEZAS PEÑA MONFORTE, SL.-Esta resolución seralles notificada ás partes, indicándoselles que é firme.-Así o acordo, decido e asino.-DALILA DOPAZO BLANCO, maxistrada do Xulgado do Social núm. 3 de Lugo.-Rubricado.”

E para que sirva de notificación en legal forma a **LIMPIEZAS PEÑA MONFORTE S.L.**, en ignorado paradoiro, expido a presente para a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia de **Lugo**.

Advírtese ao destinatario que as seguintes comunicacións faranse fixando copia da resolución ou da cédula no taboleiro de anuncios da Oficina xudicial, salvo o suposto da comunicación das resolucións que deban revestir forma de auto ou sentenza, ou cando se trate de emprazamento.

LUGO, 11 de decembro de dous mil dezanove.- **A LETRADA DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.**

R. 3846

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) - DEPUTACION LUGO

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO, EN SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 11 DE DECEMBRO DE 2019, POLO QUE SE APROBA A MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS E DO INCREMENTO DE CRÉDITO ORZAMENTARIO PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGRÍCOLA E/O GANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO. ANO 2019.

BDNS (Identif.): 453970

SUBVENCIONS DESTINADAS Á RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA A POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGRÍCOLAS E/O GANDEIROS, ANO 2019.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencions, publícase a modificación das bases reguladoras e do incremento de crédito orzamentario cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencions

(<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/index>).

ANTECEDENTES:

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos concellos, do seguinte teor:

“Pola Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, Servizo de Cooperación e Proxectos, tramitouse o procedemento de concesión de subvencións, de conformidade coas Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno en sesión do 3 de maio de 2019. A Convocatoria e Bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 105, do 9 de maio de 2019.

A esta convocatoria presentáronse 93 solicitudes, 74 das cales cumpren, segundo os oportunos informes técnicos, os requisitos para ser beneficiarios/as destas axudas, o que implicaría a necesidade de un crédito orzamentario por importe de 142.540,15 € para atender todas as solicitudes.

Non obstante, a base 5 desta convocatoria establece unha contía global destinada a esta actuación por importe de 100.000 € na aplicación orzamentaria 4590.779, o que implica que de non incrementarse esta contía, 32 solicitudes non poderían ser estimadas, unicamente por causa de falta de crédito dispoñible para outorgar a axuda correspondente.

Cabe salientar neste momento, que este Programa insírese na estratexia de apoio aos sectores productivos básicos para o mantemento da actividade económica no medio rural e a mellora da súa base territorial, base territorial que ven constituíndo unha das limitacións determinantes da produtividade das explotacións agrícolas/gandeiras da Provincia.

Tendo pois en conta que a finalidade do programa diríxese a un sector básico productivo especialmente sensible e en crise, procede realizar pola entidade o máximo esforzo para acadar o maior cumprimento da finalidade prevista, que sen dúbida virá determinada polo outorgamento de axudas ao maior número posible de solicitantes que cumprisen os requisitos da convocatoria, intentando, no posible, que a consignación orzamentaria inicialmente prevista non represente unha limitación para iso.

Neste sentido, o artigo 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia habilita o outorgamento de subvencións por contía superior a que se determine na convocatoria cando se produza un incremento de crédito derivado de:

Unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

A existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

E por todo iso que, en conta o actual estado de execución do orzamento e ante a posibilidade de que chegaran a existir créditos dispoñibles que permitisen un incremento do crédito da convocatoria, procede a modificación das Bases da Convocatoria para o Desenvolvemento do Programa de Apoio ao Sector Agrícola e/ou Gandeiro na provincia de Lugo.

Con fundamento en canto antecede, apróbase na Xunta de Goberno do día 11 de Decembro de 2019, por unanimidade dos asistentes o seguinte acordo:

- Modificar os parágrafos primeiro e segundo da BASE 5 do programa de Apoio ao sector agrícola e/ou gandeiro da provincia de Lugo, ano 2019. Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/ou gandeiro, de forma que:

Onde di:

“...“

A contía global destinada a esta actuación incluída no orzamento da Excm. Deputación Provincial de Lugo para a anualidade 2019 ascende de 100.000 € (aplicación orzamentaria 4590.779), liña 6 do Plan Estratéxico de Subvencións.

No suposto, que unha vez resoltas as subvencións no se esgote o crédito, o remanente poderá ser incorporado a calquera outro Programa de similares características posto en marcha pola Deputación de Lugo na anualidade 2019, que en todo caso non supoña modificación orzamentaria.

Do mesmo xeito tamén poderán incorporarse a este Programa remanentes derivados da execución doutros plans similares postos en marcha por esta entidade.

...“

Debe dicir:

“...“

A contía total máxima destinada a esta actuación ascende a cantidade de 100.000 € que se efectuará con cargo á aplicación orzamentaria 4590.779 do Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019 (liña 6 do Plan Estratéxico de Subvencións).

Non obstante, ao amparo do establecido no artigo 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este crédito poderá verse ampliado sempre que o aumento veña derivado de:

Unha xeración de crédito, ampliación ou incorporación de crédito.

A existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

O incremento do crédito non suporá, en ningún caso, a apertura dun novo prazo para a presentación de solicitudes ...”

- Modificar a BASE 13 do programa de Apoio ao sector agrícola e/ou gandeiro da provincia de Lugo, ano 2019. “Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/ou gandeiro”, de forma que:

Onde di:

“O prazo máximo de execución da actividade ou comportamento subvencionado será ó 30 de xaneiro de 2020”

En casos excepcionais, a entidade beneficiaria, poderá solicitar unha ampliación de prazo sempre que a actividade, acción ou comportamento a xustificar non concluíra pola propia natureza da mesma, sendo a súa resolución adoptada pola Presidencia da Deputación Provincial. A dita ampliación non superará a data de 30 de marzo de 2020.”

Debe dicir:

“O prazo máximo de execución da actividade ou comportamento subvencionado será ó 30 de abril de 2020”

En casos excepcionais, a entidade beneficiaria, poderá solicitar unha ampliación de prazo sempre que a actividade, acción ou comportamento a xustificar non concluíra pola propia natureza da mesma, sendo a súa resolución adoptada pola Presidencia da Deputación Provincial. A dita ampliación non superará a data de 30 de xuño de 2020.”

Lugo a 12 de decembro de 2019.- O Presidente - P.D. Decreto de data 26-07-2019, O Deputado Provincial, Pablo Rivera Capón.

R. 3870

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - XOVE

Anuncio

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2019-0874 DO 19 DE DECEMBRO DE 2019 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA E TRAMITACIÓN ANTICIPADA DAS AXUDAS AO ESTUDO DO CONCELLO DE XOVE, NA MODALIDADE DE TRANSPORTE MEDIANTE O SISTEMA DE BONOBÚS PARA O EXERCICIO 2020

BDNS (Identif.): 488241

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b y 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencions, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencions (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das axudas, aqueles estudantes que incorran en gastos derivados do transporte universitario efectuado pola empresa ARRIVA aos campus universitarios de Coruña e Santiago así coma o transporte para ciclos formativos que non se cursen en San Cibrao, Burela e Viveiro

Segundo. Obxecto

O obxecto da presente convocatoria é regular o sistema de concesión de bolsas e axudas ao estudo para contribuir a sufragar os gastos derivados do transporte universitario efectuado pola empresa ARRIVA aos campus universitarios de Coruña e Santiago así coma o transporte para ciclos formativos que non se cursen en San Cibrao, Burela e Viveiro, correspondente ao exercicio de 2019.

Terceiro. Bases reguladoras

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencions do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

Cuarto. Contía

A contía prevista para esta actuación na presente convocatoria é 2.000,00 euros con cargo á aplicación 326.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal. A presente convocatoria súxítese ao réxime de tramitación anticipada do gasto regulado no artigo 56 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencions, e no artigo 25 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro,

polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Subordínase polo tanto a autorización do gasto ao crédito para o exercicio no que se autorice no orzamento 2020.

Ao tratarse de un procedemento administrativo que non leva aparelado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión senón que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, e tal e como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da lei anterior.

Sempre e cando se reúnan os requisitos establecidos nas presentes bases, exceptúase o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas non sendo necesario polo tanto a comparación entre as mesmas, co límite do crédito orzamentario existente para a convocatoria.

O Concello de Xove abonará as axudas ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos nestas bases co límite do 50% do coste de cada bono solicitado.

Quinto. Requisitos dos solicitantes

- a.- Impreso de solicitude
- b.- Fotocopia do D.N.I. ou N.I.F. do solicitante. Non será preciso volver presentala en posteriores solicitudes.
- c.- Certificado de empadramento e residencia efectiva
- d.- Certificado ou acreditación de estar matriculado nos estudos para os que se solicita a axuda
- e. Transferencia bancaria de ter aboado o 50% do importe do bono.
- f.-Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade, no modelo normalizado

No caso de que se trate de segundas ou posteriores solicitudes de bonos, o Concello levará a cabo a comprobación da existencia de débedas co mesmo, de tal xeito que no caso de que o beneficiario, ou a súa unidade familiar no caso de non estar emancipado, figurase como debedor ao Concello de Xove, as solicitudes de axudas serán denegadas en tanto en canto non se satisfaga a mesma.

Así mesmo será requisito indispensable para ter dereito á axuda ter superado o 65% dos créditos matriculados no curso anterior nos casos de estudantes universitarios e o 70% das asignaturas, no caso de estudantes de ciclos.

Sexto. Prazo de presentación das solicitudes

Data límite de presentación de solicitudes:

O prazo establecido para a presentación de solicitudes será todo o exercicio 2019, podendo abarcar tanto a parte do curso que transcorre entre setembro e decembro como a parte do curso que transcorre entre xaneiro e xullo.

Documentación a presentar: impreso oficial completo acompañado da documentación esixida nas bases reguladoras da presente convocatoria.

Lugar de presentación: Sede electrónica do Concello de Xove www.xove.es, ou ben presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Xove. Camiño Real, s/n; 27880, Xove (Lugo)

Así mesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

XOVE, 19 de decembro de 2019.- O ALCALDE.- JOSE DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 3871

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/30445

El Ayuntamiento de Xermade, con C.I.F. P 2702100E, solicita autorización para efectuar obras dentro de la Zona de Policía de Cauces y sobre el Dominio Público Hidráulico.

Las obras estarán situadas en la zona de policía y sobre el Dominio Público Hidráulico de varios cauces, en el término municipal de Xermade (Lugo), y consistirán las mismas en la ejecución de las actuaciones contempladas en el proyecto "Reparación de carreteras en Roupas de Abaixo, Aveás, A Veiga, As Folgueiras, Castiñeiras, Bidueiro, etc.".

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 18 de diciembre de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3847

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/30895

La Consellería de Infraestructuras e Mobilidade de la Xunta de Galicia, con C.I.F. Q1511001H, solicita autorización para efectuar obras dentro de la Zona de Policía de Cauces y sobre el Dominio Público Hidráulico.

Las obras consistirán en la ejecución del proyecto de construcción "Glorieta na intersección entre a LU-652 e LU-546. Clave: LU19/008.06", en ambas márgenes del río de Teilán, en la localidad y municipio de Bóveda (Lugo).

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 18 de decembro de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3848
